

**Área: Competicións****Circular nº 16 - Temp. 23/24****COMPETICIÓN BENXAMÍN E ALEVÍN 5**

Recordamos aspectos importantes relativos ás competicións de Balonmán 5 que se disputen por concentración:

1. **BALÓN OFICIAL**: Todos os encontros deben xogarse co Balón Hummel Kids, sendo a talla 0,0 para a categoría benxamín e a talla 0 para a categoría alevín.
2. **COMUNICACIÓN DE HORARIOS**: As xornadas serán organizadas polos clubs que figuran na táboa de organización de xornadas. O horario dos encontros entre equipos do mesmo club será establecido a criterio do propio club, poderán disputarse durante a semana ou a fin de semana noutra sede diferente á indicada nas bases de competición, pero a nova data nunca poderá exceder en trece días naturais a data sinalada no calendario, e debe ser comunicada en tempo e forma a través dun correo electrónico a [cte.competicion@fgbalonman.com](mailto:cte.competicion@fgbalonman.com) e [competiciones@fgbalonman.com](mailto:competiciones@fgbalonman.com).

O equipo organizador da xornada debe comunicar o horario de toda a xornada nun correo electrónico a [cte.competicion@fgbalonman.com](mailto:cte.competicion@fgbalonman.com) e [competiciones@fgbalonman.com](mailto:competiciones@fgbalonman.com) antes do luns previo á xornada ás 20:00 horas. En caso de que algún equipo precise xogar nunha hora determinada debe falar co organizador da xornada.

As xornadas poderán disputarse en horario de mañá tanto sábados coma domingos; para disputar a xornada pola tarde deberá haber acordo entre todos os club implicados na mesma.

As franxas horarias para as xornadas de mañá serán entre as 09:30 e 13:30 horas.

Os encontros que se teñan que disputar entre equipos dun mesmo club disputaranse fóra das concentracións, teñen que programarse preferiblemente entre semana.

**3. SOLICITUDE APRAZAMENTOS:** Para solicitar aprazamentos o equipo interesado debe conseguir o acordo do equipo rival e do organizador de sede, as tres partes deben enviar un correo a [cte.competicion@fgbalonman.com](mailto:cte.competicion@fgbalonman.com) antes do luns da mesma semana á disputa do encontro ás 20:00 horas deixando clara a conformidade no aprazamento. No prazo de 7 días naturais deberá comunicarse de mutuo acordo aos mesmos enderezos de correo electrónico a nova data e sede para a disputa do encontro, data que non poderá exceder nunca os 14 días con respecto ao dia que figuraba no calendario e sempre antes da última xornada de liga.

**IMPORTANTE:** Non poderá haber encontros aprazados despois da última xornada de cada unha das fases da competición.

**4. ARBITRAXES:** A Federación Galega de Balonmán de farase cargo de todos os gastos derivados da actuación arbitral nestas categorías.

\*Recordamos a importancia de non establecer horarios illados nestas categorías, é dicir, no caso de que haxa posibilidade, sempre deben ir acompañados dun encontro de superior categoría.

A Federación Galega de Balonmán tratará de realizar designacións oficiais a todos os encontros destas categorías, as mesas dependerán do organizador. De non haber designación oficial, comunicarase ao club organizador da sede este feito, para que poida así poder buscar a alguén que realice as labores arbitrais. Dende a Federación Galega de Balonmán estase a traballar activamente para resolver estes problemas.

**5. ACTAS IMPRESAS:** Será responsabilidade do club local, ou organizador de sede (en caso de que a xornada sexa por concentración) ter impresos un mínimo dunha acta por encontro, as actas deben ser as específicas de minibalonmán, poden descargarse da páxina web da Federación Galega de Balonmán no apartado de “ARBITRAXE – DOCUMENTOS – IMPRESOS OFICIAIS”.

**6. COMUNICACIÓN DE RESULTADOS:** Independentemente que haxa designación oficial ou non, un responsable do club organizador da xornada ou club locatario, deberá sacar unha foto da acta e enviala vía email a [competiciones@fgbalonman.com](mailto:competiciones@fgbalonman.com) indicando no asunto a data, xornada e grupo antes das 20:00 horas do mesmo día da disputa do encontro. É importante que figure o parcial de cada período.  
O colectivo arbitral debe subir os resultados nada máis rematar a xornada.


**7. PRINCIPALES ASPECTOS DO MINIBALONMÁN A TER EN CONTA:**

- **7.1.** Pódese consultar o Regulamento de Minibalonmán na páxina web da Federación Galega de Balonmán([www.fgbalonman.es](http://www.fgbalonman.es)): “ARBITRAXE – DOCUMENTOS – IMPRESOS OFICIAIS”
- **7.2. DURACIÓN DO ENCONTRO:** Cada encontro terá unha duración de 4 períodos de 8 minutos, será tempo corrido.
- **7.3. TROCOS:** non poderá haber cambios de xogadores/as en ningún dos catro tempos.
- **7.4. BOTE UNITARIO:** Os xogadores/as tan só poderán dar un único bote dentro do ciclo de pasos.
- **7.5. GOL:** non vale o gol a pase de porteiro, sempre haberá que dar un pase máis.
- **7.6. DEFENSAS:** É obligatoria a defensa individual a todo o campo durante todo o encontro.

- **7.7. EXCLUSIÓNS:** A exclusión suporá que o/a xogador/a infractor abandone o campo durante o ataque do equipo rival, quedando o seu equipo en inferioridade; unha vez recuperado o balón o/a xogador/a poderá volver a entrar. No caso de que a infracción supoña un lanzamento de seis metros o equipo do xogador infractor terá que xogar o ataque en inferioridade e recuperará a igualdade en defensa.
- **7.8. PORTEIRO/A:** non poderá xogar o mesmo porteiro/a os catro tempos.
- **7.9. PRÓRROGAS:** en caso de empates en eliminatorias a prorroga disputarase a un único tempo de 4 minutos, podendo haber unha segunda prorroga en caso dun novo empate; de seguir a igualdade lanzaranse 3 lanzamentos de 6 metro

**8. RESPONSABILIDADES DOS ORGANIZADORES (SEDES DE XOGO):** Nas bases de competición ([www.fgbalonman.es](http://www.fgbalonman.es)) están adxudicadas as sedes de xogo de cada unha das xornadas da 1<sup>a</sup> fase, dando por feito que cada club se responsabilizará da organización da xornada na súa instalación habitual. Os organizadores deberán cumplir os seguintes requisitos:

**8.1.** Ter campos de minibalonmán, pintados ou marcados con cinta adhesiva de balizamento, de ser con cinta permítese que as áreas sexan de forma xeométricas. Exemplo:



**8.2.** Dispor de dous marcadores manuais, dúas mesas e dúas cadeiras.

**8.3.** Colocar un banco con capacidade para 6 persoas por equipo.

- 8.4.** Colocar 4 porterías, dúas en cada campo de minibalonmán. As porterías deben ter algún sistema de redución de altura, para que os longueiros benxamíns estean a 1,80m.
- 8.5.** Ter un marcador central con cronómetro dixital.
- 8.6.** Cada neno/a debe levar a súa botella de auga debidamente identificada.
- 8.7.** Facilitar un balón Hummel Kids talla 0 e un balón talla 0,0 por campo.
- 8.8.** Dispor dun xogo de 5 petos por campo.
- 8.9.** O organizador é o responsable de imprimir unha acta de Minibalonmán por encontro e colocalas na mesa.

En Vigo a 20 de outubro de 2023.

